



Resolución da Dirección da Axencia Galega de Innovación pola que se nomean os membros da comisión avaliadora da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (programa oportunius-código do procedemento: IN857A)

Aos efectos do disposto no artigo 3.3 da Orde do 29 de agosto de 2018 pola que se desenvolve o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius)

RESOLVO

Nomear como membros da comisión avaliadora da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido no marco do Programa Oportunius, no dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (Resolución da Axencia Galega de Innovación de 24 de novembro de 2016, DOG núm. 232, 5 de decembro) ás seguintes persoas:

Presidencia: Pilar Hernández Gamazo – Catedrática de Física Teórica da Universidade de Valencia e investigadora do Instituto de Física Corpuscular (IFIC) de Valencia.

Vogais:

Elena González Ferreiro - Profesora Titular da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE).

Francisco Javier Cuevas Maestro - Catedrático de Física Atómica, Molecular e Nuclear da Universidade de Oviedo.

Secretaría: María Patricia Busto Míguez, funcionaria de carreira do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia, Xefa do Departamento de Programación de Centros.

Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

